



MÁIS INFORMACIÓN ►►►►
ARTISTAS GALEGAS

CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS “TAPETE COMÚN”

CONVOCATORIA PARA RESIDENCIAS ARTÍSTICAS NO MARCO DO PROGRAMA TAPETE COMÚN

Data límite de inscrición: 29 de agosto

Resolución: 1 de setembro

A Casa Vella (Amiadoso, Ourense), en colaboración con **Azala Espazo de Creación** (Lasierra, Vitoria), **L'animal a l'esquena** (Celrà, Xirona) e **EiMA Creació** (Maria da Salut, Mallorca), *obre a convocatoria para tres residencias artísticas dunha semana dirixidas a artistas galegas que traballen no ámbito das artes do movemento e a creación escénica contemporánea.*

Estas residencias enmárcanse dentro do **Programa Tapete Común de Casas de Creación en Espazos Rurais.**

Programa Tapete Común

Iniciado en 2015, Tapete Común xerou un diálogo baseado non só nos programas de cada centro, senón tamén en relación ao que significa reivindicar e defender un espazo de creación en municipios pequenos en contraposición coas cidades que aglutinan a maioría dos recursos de produción e investigación escénica. Anualmente foise consolidando este programa de intercambio e de reflexión.

Este programa artélase entre catro casas de creación de catro comunidades autónomas distintas que traballan interdisciplinariamente. Un elemento crave da súa identidade é a característica de “acoller”, nun amplo sentido, a creadores ofrecendo un acompañamento á creación, axuda á difusión e á produción e ofrecendo hospedaxe: aloxamento e convivencia nos nosos territorios no rural. Cada Casa ten vinculacións con outros centros públicos ou privados da súa área, o que amplifica e diversifica a actividade, proxectándoa máis aló dos propios centros.

Convocatoria desde A Casa Vella

A través desta convocatoria de residencias, A Casa Vella reforza o seu compromiso coa comunidade artística galega, coa vontade de tecer redes, propiciando o intercambio e vínculo con outros contextos culturais e artistas doutros territorios.

Esta convocatoria está dirixida a artistas ou colectivos artísticos de Galicia.

Cada unha das residencias terá unha duración de entre unha semana e 10 días e acollerá a artistas individuais ou agrupacións dun máximo de tres persoas e desenvolverase nun destes tres centros mencionados, situados en contornas naturais de gran riqueza.



Residencias dispoñible:

- [Azala Espacio de Creación](#) (Lasierra, Vitoria, País Vasco)

Datas: Entre o 16 e 27 de novembro de 2026

AZALA, construída e gobernada por Idoia Zabaleta e Juan González, é unha casa aberta, un refuxio temporal, un terreo para afectar e ser afectada, un practicable no que practicar. É un lugar para o encontro entre artistas, creadores, activistas e pensadores. Sendo a danza e as artes escénicas o epicentro deste lugar, a súa onda expansiva esténdese e atravesa con naturalidade e promiscuidade outras disciplinas artísticas, así como outras nomenclaturas como artes performativas, artes do corpo, artes vivas.

- [L'animal a l'esquena](#) (Celrà, Girona, Cataluña)

Datas: Entre o 7 e 12 de decembro de 2026

L'animal a l'esquena responde á necesidade dos seus iniciadores, Maria Muñoz e Pep Ramís, directores artísticos de Malpelo, de abrir unha estrutura de rede baseada no intercambio con outros artistas e creadores.

L'animal a l'esquena quere reflectir a necesidade actual da práctica contemporánea das artes de definir un marco crítico mediante a presenza de diferentes voces e visións, co fin de buscar un cambio de valores en relación coa visualidad, a textualidad, a identidade e a corporalidade. L'animal a l'esquena constituído como 'refuxio temporal' no que a diversidade sexa recoñecida e aceptada.

- [EiMA Creació](#) (Maria de la Salut, Mallorca, Islas Baleares)

Datas: Entre o 16 e 22 de novembro de 2026

Impulsado pola bailarina e coreógrafa Maria Antonia Oliver, EiMa é un centro de creación e investigación para a danza e as artes vivas dedicado a acoller, acompañar e apoiar a procesos de traballo e experimentación, xerar un diálogo co territorio e crear unha rede con outras estruturas e axentes locais, nacionais e internacionais.

As súas residencias apoian a visión singular de cada creador, buscando proporcionar un espazo de diálogo e intercambio de experiencias e coñecementos entre artistas de diferentes disciplinas dentro das artes vivas. Propiciando a apertura da visión de todos e todas ao redor das súas propias prácticas, buscando borrar límites, abrir novas interseccións e establecer relacións de colaboración e complementariedade.



Cada residencia inclúe:

- Aloxamento nas datas da residencia para un máximo de tres persoas nun dos espazos de creación, Azala, L'animal a l'esquena ou EiMA Creació, nas súas respectivas contornas rurais.
- Infraestrutura necesaria para facilitar o desenvolvemento de proxectos de investigación e creación para danza e artes vivas.
- Entre 600 e 1.000 euros (impostos incluídos) para cada proxecto seleccionado.
- Aloxamento e desprazamentos para o encontro das artistas seleccionadas en A Casa Vella ao finalizar o programa de residencias.

Requisitos de postulación:

1. *Formulario de inscrición
2. ***CV actualizado**, incluíndo experiencia en artes do movemento e creación escénica.
3. ***BIO** 250 palabras
4. **Dossier con traballos anteriores** (pode incluír fotos, vídeos, ligazóns a proxectos previos).
5. ***Dossier de proxecto** especificando os obxectivos, a metodoloxía e os resultados esperados.
6. **Breve descrición** máx 300 palabras
7. **Carta de motivación** explicando o interese por participar na residencia e como a contorna rural pode influír no desenvolvemento do proxecto.

***Obligatorio**

Proceso de selección:

- **Recepción de solicitudes:** ata o 29 de agosto
- **Resolución:** 1 de setembro

A selección das artistas residentes e do espazo de residencia levará a cabo por unha comisión de valoración composta por unha representante de cada unha das casas de creación de Tapete Común.

Valorarase a solidez e integridade da proposta de investigación ou creación en relación á traxectoria e liña de traballo da artista.

Compromisos das artistas seleccionadas:

- Realizar a residencia nas datas acordadas no centro seleccionado.
- Cumprir coas normas de uso de cada un dos espazos.
- Presentar unha memoria da residencia ao finalizar, que inclúa unha reflexión sobre o proceso creativo, os logros alcanzados e o impacto da residencia no proxecto.
- Participar nun encontro na Casa Vella con tódalas artistas seleccionadas unha vez rematado o programa de residencias para compartir experiencias.
- Farase constar o apoio da Casa Vella e do espazo de creación onde se realice a residencia no material de difusión da investigación e/o creación.





info@acasavella.gal

www.acasavella.gal